

## **ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E RÚSTICA**

### **ARTIGO 1º**

De conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

### **ARTIGO 2º**

1. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,40 %.
2. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,40 %.
3. De conformidade co previsto da disposición adicional segunda da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens dos cales os valores catastrais foron obxecto de revisión ou modificación será:
  - a) Tratándose de bens de natureza urbana o 0,40 %.
  - b) Tratándose de bens de natureza rústica o 0,40 %.

### **ARTIGO 3º**

De acordo ao disposto no artigo 62.4 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo establécense as seguintes exencións:

1. En razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do imposto, establécese unha exención para os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida non supere os 3 euros.
2. Polas mesmas razóns establécese a mesma exención para os bens inmobles de natureza rústica cuxa cota líquida non supere os 5 euros na suma das cotas agrupadas.

#### **ARTIGO 4º**

1. Ao amparo do disposto no artigo 74.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, recoñécese unha bonificación para aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de familia numerosa, segundo as seguintes regras:

1.1. Entenderase por familia numerosa a convivencia nun mesmo domicilio de cinco persoas, como mínimo, que manteñan entre elas unha situación de convivencia permanente rexistrada ós efectos no Padrón municipal de habitantes do concello, segundo os seguintes esquemas:

- a. Entenderase incluídos na unidade familiar os contraentes de matrimonio e as persoas que de acordo ao disposto na normativa civil vixente no Estado teñan unha relación de convivencia de feito debidamente rexistrada ou recoñecida por proba de estado segundo as normas civís vixentes.
- b. Entenderase incluídos os descendentes en liña recta dos mencionados no apartado 1.1.a, sen diferenza de grao e filiación, e neste último suposto con independencia de que a filiación sexa común ou referente a só un dos mencionados no apartado anterior. En todo caso os descendentes deberán ter unha idade inferior a 25 anos, ou se a

superasen, amosar por calquera medio válido en dereito, que salvagarde o dereito á intimidade dos afectados que sofren calquera xénero de incapacidade permanente, enfermidade permanente ou situación de dependencia.

- c. Entenderase incluídos os ascendentes dos mencionados no apartado 1.1.a. que teñan por razón da idade, enfermidade ou calquera outra causa unha situación de dependencia dos seus descendentes e que se poida amosar tal feito mediante documentos válidos en dereito que salvagarden o dereito a intimidade dos afectados. Non se terá en conta o grado.

Este apartado será extensible ás persoas que manteñan relación de convivencia efectiva cos mencionados no apartado 1.1.a. e que teñan unha relación familiar en liña colateral ou simplemente afectiva e se atopen en situación de enfermidade grave permanente ou situación de dependencia.

2.1 O nivel de bonificación será o seguinte, en función do nivel de renda do suxeito pasivo:

- a) Ata 12.000 € 90 % da cota tributaria.
- b) De 12.001 € a 20.000 €: 80 % da cota tributaria.
- c) De 20.001 € a 30.000 €: 70 % da cota tributaria.
- d) De 30.001 € en diante: 50 % da cota tributaria.

O réxime de bonificacións poderá ser alterado para cada exercicio fiscal e de forma obrigatoria de advir unha nova ponencia de valores.

## 2.2 Normas de xestión:

- a) Deberase presentar a solicitude dentro do primeiro trimestre de cada exercicio tributario ou fiscal.
- b) Deberase acompañar certificación de renda, sexa positiva ou negativa, de todos os membros da unidade familiar maiores de idade agás as percepcións de pensións por motivo de incapacidade e/ou dependencia.
- c) Deberase acompañar certificado do rexistro municipal do Padrón municipal de habitantes onde conste a situación de convivencia dos membros da unidade familiar na vivenda obxecto de bonificación que deberá ser de residencia habitual.
- d) A situación de dependencia efectiva á que se refire o apartado 2.1.c poderase acreditar por informe dos servizos sociais deste concello.
- e) A situación de convivencia de feito á que se refire o apartado 2.1.a poderase acreditar mediante certificado de rexistro público ou proba de estado que se poderá informar polos servizos sociais deste concello.
- f) Esta bonificación será incompatible coa establecida no artigo 74.3, no senso de que de ser coincidentes non se aplicará esta última.

3. Terán dereito a unha bonificación do 25% da cota íntegra do imposto os titulares de bens inmobles que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol. As instalacións deberán conter colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente.

4. Establécese unha bonificación da cota íntegra a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancia de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego. As porcentaxes de bonificación son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de ampliación das instalacións a creación de emprego deberá supoñer, a lo menos, un incremento do 50% do número de traballadores da plantilla inicial. Os postos creados, tanto no suposto de nova actividade económica como no de ampliación de instalacións, deben ser pola totalidade da xornada laboral e por todo o período anual, sen interrupcións.

As anteriores bonificacións, que se manterán durante tres exercicios orzamentarios para o suxeito pasivo, concederanse a petición do interesado, unha vez que acredite que se cumpren as condicións requiridas para seren beneficiario das mesmas e quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación no primeiro trimestre do ano no que se apliquen presentando as altas na Seguridade Social e os contratos de traballo dos novos traballadores/as, podendo requirir en calquera momento o Concello de Sanxenxo a documentación que corresponda para a comprobación

do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación. As solicitudes presentadas fóra do primeiro trimestre do ano producirán efectos no exercicio seguinte.

Para poder gozar da bonificación prevista neste parágrafo, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente do pagamento das súas débedas con Facenda Estatal, Autonómica e Local así como das cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego así como o outorgamento de ditas bonificacións, debendo contar co voto favorables da maioría simple dos seus membros.

5. Establécese unha bonificación do 80% da cota integra do imposto a favor de inmobles con construcións ou instalacións vinculadas agrícolas ou gandeiras que sexan declaradas de utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais regulada no artigo 74.2 quáter do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta bonificación concederase a petición do interesado e sempre que o uso principal do inmovible sexa o agrario segundo os datos que se reflectan no Catastro.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación dentro do primeiro trimestre de cada ano natural acreditando estar ao corrente no pagamento das súas débedas con Facenda Estatal, Autonómica e Local así como das cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno de concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais así como o outorgamento de ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Acordada a bonificación polo pleno, permanecerá a mesma durante as anualidades seguintes mentres se cumpran os requisitos que motivaron o outorgamento de dita bonificación.

6. As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.

## **NORMAS DE XESTIÓN**

- a. Deberase proceder a presentar a solicitude dentro do primeiro trimestre de cada exercicio tributario ou fiscal.
- b. Deberanse acompañar informes técnicos emitidos polos servizos de urbanismo deste concello.
- c. Deberase acompañar informe técnico de instalación e homologacións dos colectores de enerxía.
- d. Deberase acreditar que a instalación supón satisfacer un mínimo do 50% das necesidades enerxéticas da vivenda mediante certificado técnico competente supervisado polos servizos de urbanismo deste concello.
- e. A bonificación será efectiva para os cinco períodos impositivos seguintes ao da efectividade da instalación.

ULTIMA MODIFICACIÓN (BOPPO NUM. 234 de data 5-12-18)